

Bloque

O Rosal

Número 51. Epoca 1ª / Novembro 2010

“**Alberte Alonso Pereira encabeza unha candidatura do BNG ilusionante e comprometida cos veciños e veciñas do Rosal**”

Impreso postal sen enderezo

Alberte Alonso Pereira, candidato do **BNG** á Alcaldía do Rosal

O actual alcalde e grupo de goberno non teñen proxecto de futuro para O Rosal



Alberte Alonso Pereira, candidato do BNG á Alcaldía do Rosal

Alberte Alonso Pereira encabezarán a candidatura do BNG á Alcaldía de O Rosal nas vindeiras eleccións locais cun equipo de persoas que propón cambios positivos na política municipal. Cremos necesario pór en

marcha un proxecto ilusionante, que facilite a creación de postos de traballo, e poña en valor as potencialidades do concello. É preciso acabar co trato de favor aos especuladores na política urbanística para iniciar unha nova etapa que, ordenando racionalmente o territorio, permita o crecemento sen hipotecar o futuro do Rosal.

O actual alcalde e o seu equipo do PP non teñen proxecto de futuro para o noso concello, xa que a súa política baséase na improvisación e na ausencia dunha estratexia de futuro. Esta falla de ideas ponse de manifesto se temos en conta que, unha boa parte das actuacións levadas a

cabo nos últimos tempos polo grupo de goberno, foron iniciativas do BNG, que logo non souberon materializar.

No BNG queremos facer políticas transformadoras, políticas favorábeis á maioría e políticas democráticas. Xa o temos demostrado alí onde gobernamos. Temos dado mostras prácticas do noso compromiso coa xente, de facer real a existencia doutra forma de gobernar e, polo tanto, de transformar a realidade en beneficio da xente.

Un candidato con experiencia e comprometido co Rosal

Alberte Alonso Pereira, nacido na Guarda hai 46 anos, é veciño do Rosal dende hai 14. É funcionario da Administración de Xustiza. Ten participado no traballo asociativo na Comunidade de Montes do Rosal, na traída de augas da Videira, en asociacións culturais e foi administrador e redactor da páxina web InfoRosal.com.

Ten unha extensa experiencia política. Iniciou a súa militancia no BNG no 1987. Foi concelleiro na Guarda no mandato 1991-1995. Formou parte do Consello Nacional durante oito anos como representante da comarca do Baixo Miño. Na actualidade é Responsábel Local do BNG e foi elixido candidato á Alcaldía por unanimidade da Asemblea Local.



www.bng-galiza.org
Edita: BNG O Rosal

Aprobada a proposta do **BNG** esixindo solucións ás canalizacións de augas da Vía de Alta Capacidade

As canalizacións poñen en perigo as vivendas que se atopan na parte baixa da VAC

O BNG solicitou, mediante unha moción no último pleno, que o goberno local demande á Xunta de Galiza solucións ás canalizacións das augas da VAC.

O BNG denunciou na súa proposta que as augas que antes se recollían de xeito natural polo monte, agora canalízanse e concéntranse, verténdose a un regato natural. Isto provocará que no inverno e en épocas de choivas fortes se desborde o regato, pondo en perigo as vivendas situadas á beira do seu leito.

Casualmente, o mesmo día que se aprobou a moción en pleno, o sábado día 2 de outubro, houbo un temporal que evidenciou os problemas que van dar esas canalizacións.

De non pórllle solucións, cree-

mos que este inverno as augas provocarán serios problemas nas vivendas que se atopan na parte baixa do Vial. E estes serán máis graves cando estea asfaltada a estrada, ao recoller moita máis auga. Unha mostra máis da falta de previsión do goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza ante a que o BNG esixe solucións.



Eladio Fernández Portela, Concelleiro do BNG

O **BNG** solicitou melloras no servizo de expedición do Documento de Identidade

O desprazamento de Unidades Móviles até O Rosal é a solución

Dende o BNG solicitamos mediante moción, que se trasladara ao Goberno do Estado a disconformidade coas condicións nas que se presta o servizo de expedición e renovación do documento de identidade. A solución sería a posta en funcionamento das unidades móbiles que se desprazaran até o Rosal, como se viña facendo anteriormente.

Festivo local: por fin o goberno municipal “cae da burra” e faille caso ao **BNG**

Un ano despois, a proposta que fixo o BNG para os festivos locais, do martes de Entroido e venres da “Subida do Arco” en Tabagón, foi aprobada para o ano 2011. O venres da Saúde, o ano pasado, ao PP parecíalle un día sen moita importancia. Agora viraron e dixeron que son as mellores datas para os festivos locais.

Sempre Xulia

O pasado 6 de outubro finou Xulia Suárez Martínez, compañeira do BNG.

Escolleu camiños que eran incómodos porque nunca se conformou. Traballou dende nova no nacionalismo galego, porque era coherente coa idea de que se ninguén debe decidir por ninguén, ningún país debe ser dono doutro. Defendeu a terra e a lingua galega.

Foi unha referencia do feminismo, da solidariedade con Cuba, da memoria histórica, do “Nunca máis”, da loita pola paz.

Vivió como pensaba, iso tan difícil, tan pouco frecuente. Xulia vai estar con nós na nosa memoria. A enerxía que nos transmitirá o seu recor-



do fará que nos superemos, que fagamos as cousas mellor, con ese sentidiño que ela tiña. Que non nos rendamos nunca, coma ela non se rendeu. Que loitemos, que vivamos, que queiramos, que compartamos, con toda a intensidade. Nunca a esqueceremos.

O alcalde e o presidente da Deputación converten un concerto da Banda nun mitin do PP

Esquecéronse de felicitar ás persoas que levan moitos anos traballado desinteresadamente

O alcalde e o presidente da Deputación provincial converteron o concerto de aniversario da Agrupación Musical do Rosal nun mitin electoral do PP. No discurso de Louzán non houbo unha soa palabra adicada á formación musical, nin á súa labor social, nin por suposto, ás necesidades económicas da Banda. Soamente veu ao Rosal a facer propaganda e 'vender favores'. Unha evidente falta de respecto, aplaudida polo alcalde, cara a unha asociación que proporciona formación musical a máis de 200 nenos e nenas e persoas adultas do Rosal, e que non se merece esa demostración de caciquismo.

Por certo, dos cartos prometidos para subvencionar os novos traxes da Banda parece que non van che-

gar nin a metade. Supoñemos que o señor Louzán precisaos para pagar aos tráfugas.



Carlos Villanueva,
membro do Consello Locale dos barrios

Balanzo do traballo realizado polo BNG no Concello

Dende o BNG, como xa é habitual ao remate de todas os mandatos municipais, facemos balanzo do traballo realizado no Concello.

Dende o pasado mes de setembro estamos a realizar charlas informativas por todos os barrios e parroquias. Nelas informamos das propostas que temos realizado e do noso labor de fiscalización do goberno local ao longo deste mandato.

Parécenos que, igual que pedimos o voto nas eleccións, tamén temos que dar conta do traballo feito. Outros só piden o voto e nunca renden contas.

Solicitamos que se manteña a praza de matrona

O BNG presentou unha moción no Concello solicitando que se manteña a praza de matrona e que a pediatra atenda todos os días.

A praza de matrona, despois do pasamento da súa titular, esta sen cubrir. Pensamos que a atención especializada que se ofrece durante o embarazo e o posparto, é un servizo ao que non debemos renunciar no Rosal. Mesmo está recoñecida pola Organización Mundial da Saúde, como un dereito da saúde das mulleres.

Por outra banda, coidamos que o servizo de pediatría, que actualmente atende tres días, debe ampliarse a toda a semana, para darnos o servizo que merecemos.

Estas mesmas peticións, tamén dende o BNG, levámolas ao Parlamento Galego. Agora só falta saber se o Partido Popular, que dende a Xunta de Galiza está destruindo a sanidade pública, recúa e aproba a iniciativa do BNG. No próximo boletín informaremosvos do resultado da votación.

Os pasos de peóns elevados serán unha realidade grazas ao BNG

A colocación de pasos de peóns elevados no núcleo urbano foi unha proposta do BNG xa no primeiro ano deste mandato municipal. Dende entón, nunca deixamos de insistir nos plenos para que o goberno local levase a cabo esta iniciativa, que consideramos de gran importancia para a seguridade vial dos veciños e veciñas.

Os pasos de peóns elevados son xa unha realidade dende hai tempo noutros concellos. A súa eficacia para reducir a velocidade dos automóbiles é evidente. O Rosal é, até o momento, o único concello da comarca que non conta con estas medidas de seguridade vial. O veciños e veciñas de rúas como Ramón Franco son conscientes da súa necesidade.

Os proxectos están adxudicados, polo que a súa construción debe ser inminente. Unha vez máis, ante a falta de ideas do goberno local, unha proposta do BNG farase realidade no Rosal.

A Contracapa

A nova Lei de Augas da Xunta do PP incrementará o recibo aos veciños e veciñas do Rosal

O PP non aceptou a proposta do BNG de eliminar o canon da auga ás traídas, e só aceptou unha bonificación do 90%

Darle o mesmo tratamento fiscal aos abastecementos públicos e ás captacións privadas é discriminatorio para as persoas que vivimos no medio rural. Iso é o que fai a nova Lei de Augas de Galiza do Goberno do PP na Xunta, que non reconece os investimentos feitos no seu día polos veciños e veciñas para realizar as traídas, na maior parte dos casos pola falla de previsión de servizos de subministro de auga por parte das administracións públicas.

Na tramitación da lei no Parlamento galego o BNG logrou que se acepta-



se unha emenda para conseguir unha bonificación do 90 % para as traídas veciñais. De todos modos, haberá que tributar tamén pola auga dos pozos, mesmo naqueles casos onde non tivesen abastecemento nin rede de saneamento pública.

Este afán recadatorio do PP foi cuestionado polo Consello Económico e Social de Galiza que non o viu axeitado neste contexto de crise.

A lei do Partido Popular, á que o BNG votou en contra, proxecta incrementos da carga fiscal sobre o consumo de auga dunha familia tipo de até o 360%.

O alcalde do Rosal a favor do canon

O BNG presentou mocións en todos os concellos de Galiza, propondo a retirada dese proxecto de lei, por consideralo meramente recadatorio e abusivo. Van recadar 68 millóns de euros fronte os 34 que recadaban agora.

No Rosal o alcalde votou en contra da moción do BNG. É dicir, está de acordo en que os veciños das traídas veciñais teñan que pagar máis pola auga. Estas traídas, dependendo do cota anual que paguen, poden ver incrementado o recibo en máis dun 35 por cento. Esquécese o alcalde que foron os veciños e veciñas os que tiveron que financiar as obras para poder ter auga nas súas casas. Sen axudas do goberno local.

Aínda así, grazas a unha emenda do BNG no Parlamento, as traídas veciñais terán un desconto do 90% no canon aplicábel.

Por outra banda, os veciños e veciñas que teñan servizo de abastecemento

municipal, van ver incrementado o recibo en máis dun 300%, pois a nova lei de augas que aprobou o PP en solitario, non contempla neste caso bonificacións, agás para familias numerosas.

	TRAÍDA VECIÑAL	TRAÍDA MUNICIPAL
Número membros na familia	3	3
Consumo de litros por día	430	430
Cota anual	20 euros	20,67 euros
Canon anual	73,68 euros	73,68 euros
Bonificación	90 %	0 %
Cota anual que pagará	27,38 euros	94,05 euros
Incremento	36,90 %	356,45 %

Como contactar co BNG do Rosal:

orosal@bng-galiza.org

Sede Comarcal: Telf. 986.609.009 - Fax 986.609.001
baixominho@bng-galiza.org

Como contactar co BNG Nacional:

Sede Nacional. Avenida Rodríguez de Viguri. 16 baixo.
15703 Santiago de Compostela. 981 555 850
www.bng-galiza.org
nacional@bng-galiza.org

